

INTRODUCCIÓN

O cambio climático é un feito. Unhas das consecuencias que máis notaremos na Galicia interior ó o aumento no número de incendios, como lamentablemente sufrimos o vrao de 2022. (<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/folgoso-do-courel/2022/07/28/extinguido-14-dias-despues-incendio-courel-grande-historia-galicia/00031659010708636871699.htm>)

Os científicos alertan: o cambio climático eleva ls temperaturas, incrementa os períodos de seca e provocará que os incendios duren máis tempo e sexan máis frecuentes.

O aumento de vagas de calor intensas, xunto con periodos de seca prolongados e bosques densos de eucaliptos e piñeiros, poden provocar lumes moi potentes e intensos. Isto incluso pode derivar en tormentas de lume que son equiparables a unha erupción volcánica moderada.

Na Península Ibérica e en Galicia debemos adaptarnos ante escenarios de incendios máis frecuentes e intensos. A medida que teñamos vraos máis longos e máis secos, aumentarán as probabilidades dos lumes. Hoxe en día, xa hai científicos que aseguran que certas paisaxes van arder, máis tarde ou máis cedo. Continuar realizando plantacións de piñeiro e eucalipto son riscos que non deberíamos consentir pola nosa supervivencia.

É necesaria unha mellor xestión dos nosos montes.

OBXECTIVOS

- Coñecer as especies de árbores con interese madeiro que existen no Courel
- Aprender a identificar as árbores
- Comparar prezos dos distintos tipos de madeira
- Valorar as diferentes calidades da madeira segundo a especie
- Averiguar como aumentar o valor das frondosas
- Establecer como se debería realizar unha extracción da madeira para que sexa sostible

MATERIAL E MÉTODOS

Usamos o libro “Las plantas de la Sierra de O Courel” para averiguar que especies arbóreas existen no Courel.

Coa axuda da “Guía de árbores de Galicia” fixemos unha clave para identificar as árbores do noso concello. Recollemos follas e troncos para facer un mostrario deles.

Buscamos prezos de madeira en Galicia. Estes prezos son diferentes segundo o uso que se lle fai a madeira. Son os seguintes:

1. Madeira de serra: Despézase no aserradeiro. A árbore ten que ter un tronco recto e con poucos nudos. Valén diámetros de máis de 12 cm pero os máis valorados son entre 28 e 30 cm.
2. Madeira de desenrolo e chapa: Para chapas decorativas. Tamén se necesitan árbores grosas.
3. Madeiras para leña: Especies con densidades de madeira altas. Serven as que teñen porte pequeno e retortas.
4. Madeira para taboleiros

5. Madeiras para biomasa e trituración: fabricación de pellets
6. Madeiras para pasta de celulosa: para fabricar papel
7. Corcho

Esto é importante porque os prezos da madeira varían en función do seu uso.

Puxémonos en contacto coa Asociación Forestal de Galicia para que nos proporcionaran os prezos das distintas especies de madeiras. Tamén fixemos búsquedas na rede sobre prezos tamén noutras provincias españolas.

RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Os prezos da madeira en Galicia (decembro 23) **a pé de monte (€ / tonelada)** son os seguintes:

	De Serra	Desenrrollo e chapa	Leña	Taboleiro	Biomasa	Papel
Piñeiro 14-19 cm	14-24		15-20			
Piñeiro 20-29 cm	30-45					
Piñeiro >30 cm	35-50					
Piñeiro >40 cm	60-65	38-50		12-16	9-20	
Eucalipto >35 cm	35-42					
Eucalipto > 8 cm			8-18	16-22		24-34
Eucalipto >70 cm		70-80				
Castiñeiro	65-105		3-9			
Carballo	30-65		15-20			
Outras especies			3-9			



O 1º que nos chamou atención é que a pesares do número de especies de frondosas que temos en Galicia non existen prezos (na táboa indícase “outras especies”). Na Asociación Forestal de Galicia indicáronnos que en Galicia non hai tradición silvícola, polo cal as árbores deixasen medrar (non se demoucan) e os seus troncos non son ni rectos nin aplomados. Así, se alguén necesita madeira de carballo prefire importar de Francia que buscar en Galicia.

Tristemente, en Galicia, a maioría das persoas prefiren plantar eucaliptos e piñeiros porque hai máis mercado. Ademais o prezo do carballo para madeira de serra é similar que o do piñeiro e este non precisa tantos coidados. Porén, nós somos conscientes dos perigos que colevan as grandes extensións de piñeiro... Hai algunha proposta para mudar esto?

Vimos na páxina da Xunta que existe un proxecto para realizar un “Plan de Valorización Sostenible de la Madera de las Masas de Frondosas Caducifolias” pero aínda non hai ningún documento para consultar. En Galicia existen 620 000 hectáreas de frondosas, a maioría nas provincias de Lugo e Ourense. Un 40% úsase para leña e sobre un 25% está abandonado.

Consultando prezos noutras provincias de España observamos os seguintes prezos para as frondosas no ano 2018:

É evidente que fronte o intervalo de 3-9 €/t que se paga en Galicia por as frondosas que non son carballo, os propietarios están a perder cartos. Anímamos dende aquí a Xunta e o noso concello (Folgozo do Courel) que informe a propietarios/comunidades de montes sobre como xestionar (demoucar e rarear), proporcionen subvencións para demoucar árbores e incentivar a plantación de especies frondosas.

Neste contesto o mesmo nun prazo de 10-15 anos O Courel non soamente contribuíría en Galicia a conservación da biodiversidade, fixación de dióxido de carbono, se non tamén podería ser unha potencia forestal con madeira de calidade, co certificado de procedencia.

Actualmente estamos a observar a extracción de madeira queimada das plantacións de piñeiro. Se están a facer con cortas a feito (matarrasa).

Así é como se fan a maiorías das cortas en Galicia. Sería moito mellor realizar as extraccións de árbores por entresaca na que a paisaxe e o ecosistema sería menos agresivo.

Na exposición levaremos a nosa clave de identificación de árbores, o mostrario de madeiras e profundizaremos no tema.

BIBLIOGRAFÍA

Gutián, J.; Villar, J.L.M. (2014) Las plantas de la Sierra de O Courel. Santiago de Compostela. Ensenada de Ézaro Ediciones.

Confederación de organización de selvicultores de España (2015). Observatorio de precios de productos forestales.

https://selvicultor.net/redfor/wp-content/uploads/Observatorio-de-precios-Completo_Sep-2015_Final.pdf

<https://cismadeira.xunta.gal/es/lineas-de-actividad/valorizacion-de-frondosas>

	€/t
Bidueiro	24
Chopo	6
Acíñeira	4
Faia	18
Pradairo	24
Rebolo	26
Carballo americano	22



AGRADECIMENTOS

Carlos e José Luis Cortizo por axudarnos a recopilación das madeiras e o seu cepillado.

Cristina Verde da Asociación Forestal de Galicia por proporcionarnos información sobre prezos e estado do comercio das madeiras en Galicia.

Julio Taboada por aclararnos dúbidas sobre o comercio madeireiro en Galicia.